

Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 N.º 2008000001726
24-01-2008 9:47:41

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o mércores, día 23 de xaneiro de 2008, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- * Aprobación da composición da comisión de selección prevista no Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador, aprobado no Consello de Goberno do 18 de decembro de 2007.
- * Aprobación da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira.
- * Aprobación da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.
- * Aprobación de axudas de Extensión Universitaria para o ano 2008.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a implantación do título de doutor no posgrao oficial en dirección e planificación do turismo - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en acuicultura - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a participación de centros externos no POP interuniversitario en acuicultura - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en política lingüística e planificación da lingua galega - Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en edición - Convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en dirección integrada de proxectos - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e a Coruña, a CRTVG, a Consellería de Innovación e Industria, a Fundación Cidade da Cultura Galega e a Secretaría Xeral de Comunicación para a dixitalización dos medios públicos de comunicación de Galicia - Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional de Trujillo (Perú) - Convenio marco coa Universidade Nacional de An-Najah (Palestina).



Vigo, 23 de xaneiro de 2008
A Secretaría Xeral

Esther M^a González Pillado